

ABAU 2018

HISTORIA DE ESPAÑA

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA NOVO MODELO DE EXAME

Unha vez revisadas as consultas e suxestións enviadas ó grupo de traballo nos últimos meses, enviamos esta nova circular, co obxectivo de ampliar a información proporcionada ata o momento. Nela inclúense orientacións sobre a materia que será obxecto de exame e os criterios de corrección. En anexo figuran tamén os exemplos de exame resoltos.

Preguntas século XVIII

Como xa indicamos na circular anterior, a resposta debe cingirse á cuestión presentada e demostrar a comprensión dos seus elementos esenciais. Tal e como dixemos no seu día, o alumnado ten a posibilidade de elixir entre dous temas: o reformismo borbónico ou a Ilustración. Atendendo as peticións enviadas por algúns profesores, achegamos un guión orientativo sobre o primeiro deles. O esquema inicial reduciuse nunha pregunta (Os inicios do regalismo), para reforzar a coherencia interna do tema. Tamén reformulamos a pregunta das reformas militares, que agora se vincula de maneira explícita á realidade galega. Esta reformulación responde á nosa intención de incluír en todos os temas novos un apartado de Historia de Galicia, utilizando a porcentaxe do 30% dos estándares de aprendizaxe que permite a lexislación.

1. A nova filosofía de goberno

Natureza do fenómeno considerado: Transformación das formas de goberno da monarquía española, que se traduce nunha ampla reforma das institucións e do funcionamento da administración. Motivacións: necesidade de racionalizar e modernizar a administración para facer fronte á decadencia da monarquía na segunda metade do século XVII. Contexto: acceso ó trono español da dinastía francesa dos Borbóns polo falecemento sen sucesor de Carlos II de Austria/Triunfo de Felipe V de Borbón na Guerra de Sucesión. Desenvolvemento: inspiración francesa das principais medidas adoptadas (no reinado de Luis XIV, avó do novo rei de España). Con todo, a monarquía dos Austrias xa experimentou algúns cambios na segunda metade do século XVII (tendencia a maior racionalidade administrativa, fenómeno xeral en Europa). Presupostos: absolutismo monárquico, centralización e racionalización da administración, uniformidade institucional. Identificación entre eficiencia

administrativa e administración directa. Resultados: profunda alteración da constitución tradicional da monarquía española, como agregado de coroas e reinos, que mantiñan as súas propias institucións e leis. Proceso de centralización incompleto. Avance no proceso de modernización da administración, aínda que perviven moitas prácticas do pasado e institucións tradicionais. Transcendencia histórica: reforzamento do poder da monarquía, mediante a configuración dunha administración mais eficaz e directa.

2. Os Decretos de Nova Planta e os seus efectos (vid. exame resolto)

3. As transformacións da administración central

Natureza do fenómeno considerado: supresión o limitación das atribucións dos Consellos (órganos tradicionais da administración central), en beneficio dos secretarios de Estado (figuras inspiradas no modelo francés imposto por Luís XIV. Antecedentes dos ministros da época contemporánea). Motivacións: maior capacidade do control por parte do monarca: os Consellos eran órganos colexiados, formados por membros de diversas procedencias (xuristas, aristócratas, militares), mentres que ó fronte das Secretarías de Estado estaba unha soa persoa. Preténdese unha administración mais áxil e racional: os Consellos eran ó mesmo tempo tribunais de xustiza e institucións de goberno (non había separación de poderes), o que facía que o seu funcionamento fora lento e complexo. Os secretarios de Estado non interviñan en cuestións xudiciais e mantiñan unha relación directa co rei. Contexto: programa de reforma da monarquía impulsado por Felipe V tras a súa chegada ó trono español. Medidas destinadas a facer fronte á Guerra de Sucesión e debidas á influencia francesa no goberno. Desenvolvemento: supresión dos Consellos que se ocupaban dos territorios que a monarquía perdeu no Tratado de Utrecht (Flandes, Italia). Supresión do Consello de Aragón polos Decretos de Nova Planta. Pervivencia doutros Consellos, aínda que a maior parte se mantiñan basicamente como tribunais. División do cargo de secretario do Despacho Universal dos Austrias en varias Secretarías de Despacho, especializadas nas principais materias de goberno. Número de Secretarías e materias tratadas experimentan diversas modificacións no tempo, o que reflicte as vacilacións do programa reformista e o xogo político da Corte. Resultados: avanzouse no control da administración e na racionalización do goberno, aínda que a reforma foi incompleta. Transcendencia histórica: senta as bases dunha administración central organizada en ministerios.

4. Os cambios da administración territorial

Natureza do fenómeno considerado: xeneralización das institucións casteláns que representaban o rei nas provincias e creación de institucións novas,

destinadas a reforzar a capacidade interventora da monarquía (intendentes). Motivacións: maior control do territorio, atendendo ós principios de centralización e uniformidade propios da nova filosofía de goberno. Contexto: proceso de reforma efectuado fundamentalmente nos reinados de Felipe V (para facer fronte a guerra de Sucesión e garantir o posterior control do país) e Fernando VI (para impulsar a realización do Catastro de Ensenada). Desenvolvemento: Capitanías xerais: establecemento na coroa de Aragón e nos territorios casteláns que non as tiñan. Extensión das capitanías xerais favorece a militarización da administración. Intendencias: institución de orixe francesa con funcións de supervisión fiscal e militar, control dos gobernos locais e fomento da economía. Intendentes dependen directamente das Secretarías de Estado, polo que trasladan ás provincias os cambios da administración central. Intendencias con traxectoria flutuante: primeiros intentos de establecemento en 1711 e 1718, xeneralización en 1749, da man do marqués da Ensenada. Institución que soportou a forte oposición das institucións e os grupos de poder tradicionais. Resultados: maior control do goberno provincial por parte da monarquía e maior homoxeneidade no goberno das provincias. Con todo, perviviou a desigualdade dos territorios provinciais e a existencia de territorios con privilexios forais e institucións propias (Navarra, Provincias Vascas). Transcendencia histórica: avance cara a unha España unificada, proceso que se completará na época contemporánea.

5. Os intentos de reforma da Facenda Real

Natureza do fenómeno considerado: intentos de reordenar o sistema fiscal e facer fronte ó endebedamento da Facenda, incrementando os ingresos e racionalizando os gastos da monarquía. Motivacións: sufragar a guerra de Sucesión e os conflitos posteriores. Resolver o endebedamento do estado. Aumentar a contribución fiscal dos territorios da coroa de Aragón. Facer fronte ó descontrol do sistema tributario e á súa complexidade (multitude de tributos de difícil xestión, grandes niveis de fraude). Contexto: reinados de Felipe V (mellora da administración, incremento das contribucións aragonesas) e Fernando VI (intento de impoñer a Única Contribución). Desenvolvemento: como consecuencia dos Decretos de Nova Planta, introdución dun novo réxime de tributos na coroa de Aragón, baseados en cotas fixas e sistemas de pago proporcionais á riqueza dos individuos. Melloras na administración das rendas que se cobraban en Castela. Fernando VI: a monarquía reforza o control das principais rendas. Intento de substituír a diversidade de rendas existentes en Castela por un único tributo, que se pagará en función da riqueza dos individuos. Forte oposición dos grupos privilexiados, cuxo principal privilexio consistía na exención tributaria. Dificultades para a realización do Catastro impulsado polo secretario de Estado de Facenda, o marqués da Ensenada, que era o paso necesario para avaliar a riqueza da poboación. Resultados: certo

incremento da recadación e mellora da administración fiscal, pero fracaso da Única Contribución, que alteraba un dos presupostos básicos da sociedade estamental. Transcendencia histórica: abriu o camiño á modernización do sistema fiscal e á racionalización da Facenda real.

6. A reforma militar e as súas repercusións en Galicia

Natureza do fenómeno considerado: reformas impulsadas no exército e na armada para modernizar a súa organización e adaptala ós cambios que tiñan lugar en Europa. Motivacións: superar a decadencia militar da segunda metade do século XVII, reforzar a posición de España no contexto internacional. Contexto: no reinado de Felipe V, as reformas intentan facer fronte primeiro á Guerra de Sucesión e despois ó revisionismo de Utrecht. No reinado de Fernando VI as reformas intentan reforzar a posición internacional de España e prestarán atención prioritaria ó desenvolvemento e a modernización da armada, a mans do marqués da Ensenada. Desenvolvemento: reorganización do exército segundo o modelo francés, incremento dos mecanismos de control e formación da oficialidade, introdución do sistema de recrutamento por quintas. Mariña: unificación das distintas escuadras nunha única armada real. División da costa en Departamentos marítimos (1726), establecemento dun sistema para a recruta obrigatoria de mariñeiros (matrícula de mar, 1737), fomento da construción naval e incremento do número de barcos de guerra. Resultados: avance cara a unhas forzas armadas máis modernas e homoxéneas. Primeiros pasos cara ó servizo militar obrigatorio. Configuración dunha oficialidade nobre, profesional e corporativa. Incremento dos recursos e da capacidade militar da monarquía, aínda que resultou insuficiente para facer fronte ó empuxe da Gran Bretaña. Repercusións en Galicia: matrícula de mar con gran impacto sobre os núcleos pesqueiros galegos. Ferrol, convertida en capital do Departamento Marítimo do Norte en 1726. Establecemento do arsenal, seguindo o modelo francés de instalacións combinadas de estaleiros e almacéns de armas. Forte impacto local: creación dunha cidade a partir dun pequeno núcleo de pescadores. Grande transformación social e urbanística. Forte impacto no país: creación dun núcleo industrial nun territorio de economía esencialmente agraria.

7. Os principios básicos do ideario ilustrado.
8. Os ilustrados españois.
9. Reformismo e Ilustración no reinado de Carlos III: reformas económicas e fomento da educación.

10. As vías de difusión do pensamento ilustrado: as Sociedades Económicas de Amigos do País e a prensa periódica (vid. exame resolto)
11. As limitacións do proxecto ilustrado.
12. A Ilustración en Galicia: institucións e ilustrados galegos.

Preguntas dos séculos XIX e XX

A continuación figura a selección de preguntas avaliadas na ABAU 2018:

Século XIX

1. A crise da monarquía absoluta (abdicacións, ocupación napoleónica)
2. As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812
3. A restauración de Fernando VII e do absolutismo: as etapas do reinado (delimitación temporal e características principais)
4. A construción do Estado liberal (principios do liberalismo e diferenzas entre as distintas familias políticas)
5. A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869
6. A Primeira República (proxecto de constitución federal e cantonalismo)
7. A Restauración (sistema canovista e constitución de 1876)
8. A vida política da Restauración (quenda, caciquismo e fraude electoral)
9. A cuestión nacional no século XIX (vid. exame resolto)
10. A reforma agraria liberal: as desamortizacións (obxectivos e resultados)
11. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril.
12. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración)

Século XX

13. A crise da Restauración (a desarticulación do sistema canovista)
14. A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos

15. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais)
16. O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931)
17. A reforma agraria da II República (vid. exame resolto)
18. A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional
19. O franquismo: características e institucionalización
20. O franquismo: política económica
21. O franquismo: as forzas de oposición ó réxime
22. A agonía do franquismo e os inicios da transición
23. As primeiras eleccións democráticas e a constitución de 1978
24. A crise da UCD e o golpe de Estado
25. A consolidación da democracia: os gobernos do PSOE

Composición histórica

-As composicións versarán sobre os mesmos temas sinalados nas preguntas.

-En cada opción as preguntas de Historia Contemporánea e a composición histórica serán as dúas do mesmo século (opción A: século XIX; opción B: século XX)

Criterios de corrección

Para a súa aplicación utilizaremos rúbricas de avaliación. Achegamos as rúbricas xenéricas das distintas partes do exame. No momento da corrección especificaranse os contidos concretos correspondentes a cada pregunta.

Os correctores recibirán a instrución explícita de non penalizar o exceso de extensión, pero valorarán positivamente a resposta axustada á extensión recomendada.

RUBRICAS DE AVALIACIÓN XENÉRICAS

1. Definición de conceptos. Valor: ata 0,5 puntos por concepto

Suspenso (0-0,1)	Resposta en branco ou que revela a incomprensión do concepto.
Suspenso (0,15-0,2)	Resposta confusa ou incompleta.
Aprobado (0,25-0,3)	Resposta correcta, que responde ó esencial e presenta unha contextualización básica.
Notable (0,35-0,4)	Resposta correcta, ben contextualizada, con aclaracións adicionais.
Sobresaliente (0,45-0,5)	Resposta correcta, ben contextualizada, con aclaracións adicionais, ben exposta e axustada á extensión recomendada.

2. Pregunta para desenvolver: valor ata 3 puntos

Suspenso (0-0,6)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Suspenso (0,9-1,2)	Resposta confusa, que revela a incomprensión do problema presentado. Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos.
Aprobado (1,5-1,8)	Resposta correcta, que demostra o coñecemento do tema nas súas liñas xerais.
Notable (2,1-2,4)	Resposta correcta, que demostra o coñecemento do tema, incluíndo precisións e aclaracións.
Sobresaliente e (2,7-3)	Resposta correcta, que demostra o coñecemento do tema, incluíndo precisións e aclaracións. Resposta razoada e coherente que demostra capacidade argumentativa e de síntese, axustándose á extensión máxima recomendada.

3. Composición histórica: valor ata 5 puntos

A rúbrica parte dos seguintes presupostos:

O que non se debe facer:

-limitarse a reproducir os documentos (paráfrase)

-non utilizar os documentos. O exercicio non ten como obxectivo responder a unha hipotética pregunta teórica, senón explicar unha realidade histórica partindo dos documentos e da información que os acompaña

O que se debe facer:

-utilizar os documentos na redacción (como mínimo citalos no texto redactado. Valoraranse referencias adicionais: datos ou argumentos que figuren neles)

-contextualizar os documentos (como mínimo incluír unha explicación básica sobre a etapa histórica na que se sitúan. Valoraranse referencias adicionais sobre a data de publicación e a orixe dos textos)

-analizar os documentos (como mínimo referirse a unha das ideas que figuren neles. Valorarase a introdución de ideas adicionais)

-completar a información dos documentos (introducir contidos teóricos que teñan relación cos documentos e permitan responder as cuestións sinaladas no encabezamento da proba como “cuestións a atender”)

-desenvolver un fío argumental que permita relacionar os documentos entre si (seguir a orde das “cuestións a atender” ou desenvolver unha orde alternativa)

Moi deficiente (0-1)	Resposta en branco (0) A resposta é unha paráfrase dos documentos (1)
Deficiente (1,5-2)	Resposta mestura paráfrase dos documentos con algunha xeneralidade (1,5) A resposta prescinde dos documentos, preséntase como a resposta a unha pregunta teórica (2)
Aprobado (2,5-3)	A resposta trata parte das cuestións sinaladas na introdución, cita os documentos, contextualízalos parcialmente e fai algún comentario do seu contido. A redacción e a argumentación son correctas en liñas xerais.
Notable (3,5-4)	A resposta desenvolve todas as cuestións sinaladas na introdución, cita e contextualiza ben os documentos e analiza parte do seu contido. A redacción é precisa e o texto está ben argumentado.
Sobresaliente (4,5-5)	A resposta desenvolve con solvencia as cuestións sinaladas na introdución ou engade cuestións adicionais. Cítanse e contextualizan ben os documentos e faise un análise en profundidade deles. A redacción é precisa, o texto está ben argumentado e fai uso de vocabulario específico.

En Santiago de Compostela, a 5 de febreiro de 2018

María del Carmen Saavedra Vázquez

Directora do grupo de traballo (abauhistoria@gmail.com)